



## Concello de Lourenz

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



### CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIN CONVOCADO PARA A COBERTURA DE DOUS POSTOS TEMPORAIS DE OPERARIOS/AS DE SERVIZOS MLTIPLES POR UN PERODO DE 6 MESES A XORNADA COMPLETA, NO CONCELLO DE LOURENZ.

#### RESOLUCIN DA ALCALDA

Dona ROCIO LOPEZ GARCIA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenz (Lugo), no nome e representacin que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucins que lle venen conferidas pola Lexislacin Vixente e vista a Lexislacin en materia de seleccin de persoas comprendida na Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Rexime Local, Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicins Legais vixentes en materia de Rexime Local, Lei 5/1997 de 22 de xuno de Administracin Local de Galicia, Lei 7/2007 de 7 de abril, do Estatuto Bsico do empregado pblico, e demais disposicins aplicables, en uso das facultades conferidas,

#### VEN A RESOLVER:

**Primeiro.-** Realizar unha convocatoria para a provisin temporal de dous operarios/as de servizos mltiples por un perodo de 6 meses, mediante contrato por obra ou servizo determinado a tempo completo, ao abeiro da ORDE de 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencins para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a sa convocatoria para o exercicio do ano 2016.

**Segundo.-** Aprobar as bases que rexern esta convocatoria que se xuntan como anexo I.

**Terceiro.-** Darlle publicidade a esta convocatoria a travs da Pxina Web e redes sociais do Concello.

**Cuarto.-** Ratificar a presente resolucin no prxima Xunta de Goberno Local.

Mndao e asina a Sra. Alcaldesa-Presidente en Lourenz (Lugo) a 26 de Outubro de dous mil dezaseis.

**En Lourenz, a 26 de Outubro de 2016**

A Alcaldesa

Asdo.: Rocio Lopez Garca





## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



### ANEXO I

## BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL DE DOUS OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN

### PRIMEIRA.—OBJECTO E NORMA DE APLICACIÓN.

Esta convocatoria ten por obxecto a selección mediante concurso-oposición de dúas prazas de operarios de servizos múltiples para o Concello de Lourenzá, ao abeiro da ORDE de 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2016, en réxime de persoal laboral temporal de duración determinada.

### SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO LABORAL CONVOCADOS.

O número de postos de traballo, a súa denominación e características relaciónanse de seguido:

- **Número e denominación do posto:** Dous Operarios/as de servizos múltiples para o Concello de Lourenzá.
- **Titulación:** Graduado Escolar, certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.
- **Modalidade contractual:** 6 meses en réxime de dedicación a tempo completo. (40 horas semanais).
- **Carnet de conducir:** B.
- **Funcións:** As prazas referidas están adscritas ao servizo de mantemento de instalacións municipais, e as funcións que teñen encomendadas son as seguintes:
  - Reparacións na rede de abastecemento domiciliario de auga, sumidoiros alumados públicos, etc.
  - Limpeza, mantemento e coidado dos edificios e instalacións municipais.
  - Limpeza das vías públicas, coidado e arranxo de parques, xardíns e macetas, espazos públicos e zonas de ocio, así como pequenas obras de reparación destes e do mobiliario urbano municipal.
  - Executar tódolos avisos, notificacións e similares que ordene o Concello de Lourenzá.
  - Colaborar e prestar axuda na organización de festexos e actos que sexan competencia do Concello.
  - Control, manexo, conducción e mantemento de vehículos e ferramentas municipais.
  - Encargarse da vixianza e control das obras e servizos que se realicen no municipio.
  - Traslado, recepción, entrega e recollida de enseres e documentos, relacionados coa actividade do Concello, tanto dentro como fora do termo municipal.





## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



- Calquera outra que se desprenda dos diferentes servizos municipais e acorde coa súa cualificación, non relacionada anteriormente, que lle encomende a autoridade municipal no exercicio das súas funcións.
- Esta praza está suxeita a flexibilidade de horario.

Sempre baixo a supervisión do encargado deses servizos.

### TERCEIRA. NORMATIVA APLICABLE

Ao presente concurso-oposición seralle de aplicación o previsto no TRLEBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TRLEBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na Administración.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

### CUARTA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Con carácter xeral os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección

- a) Ter nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Emprego Público.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezoito anos e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do posto.
- e) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse





## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CJF: P2702700B

REL: 01270272



inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.

g) Os aspirantes que padezan minusvalía deberán facelo constar expresamente na instancia.

h) Estar en posesión do Carné de Conducir tipo B.

### QUINTA.—SOLICITUDES

1.—As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberán estar inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

2.— O Servizo Público de Emprego de Galicia mandará ao Concello de Lourenzá unha relación de candidatos que serán convocados ao proceso selectivo.

### SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados pola Sra. Alcaldesa – Presidenta mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Un empregado do Concello. Con voz e voto.

Secretario: Un empregado do Concello. Con voz e voto.

3 Vogais: Tres empregados do Concello. Con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe a Sra. Alcaldesa, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre a do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao posto.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992 de 26 de novembro.

Os acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñela incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, en base ás que, exclusivamente, colaborarán co órgano de selección. O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art. 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 29 da Lei 30/1992.

### SETIMA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, consistindo a primeira fase no concurso e na valoración de situacións que dificultan o acceso ao mercado laboral e a segunda fase na oposición que consistirá nunha ou varias probas prácticas determinadas polo tribunal cualificador.

#### 1.- MULLERES

- As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero ..... 2 ptos.
- En xeral ..... 1 pto.

#### 2.- IDADE

- 18 - 29 anos ..... 4 ptos.
- 30 - 44 anos ..... 1 ptos.
- 45 ou máis ..... 4 ptos

#### 3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía > 33 % ..... 1 pto.

#### 4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

- Perceptores de desemprego ..... 1 pto.
- Perceptores de subsidios, RAI, PREPARA, ACTIVA... ..... 2 ptos.
- Non perceptores ..... 4 ptos.

#### 5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGÚNDO VIDA LABORAL)

- Menos de 12 meses ..... 1 pto.
- Máis de 12 meses... ..... 2 ptos.







## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P27027008  
REL: 01270272



### 6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABAJO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Sen emprego anterior ..... 5 pts.
- Grupo de cotización do 1 ao 7 ..... 0 pts.
- Grupo de cotización 8 ..... 4 pts.
- Grupo de cotización 9 ..... 3 pts.
- Grupo de cotización 10 ..... 2 pts.
- Autónomos ..... 1 pts.

### 7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL. (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social. A puntuación dos dous apartados non é acumulable)

- Perceptores da RISGA e aqueles aos que lles fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido.....5 pts.
- Drogodependentes rehabilitados acreditados, ex-reclusos, persoas que abandonaron o exercicio da prostitución, traballadores inmigrantes residentes da comunidade, emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais, mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral, persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda de Administración Autonómica, e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social .....1 pto.

### 8.- CURSOS DE FORMACIÓN

Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por administracións públicas, organismos oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas. Ata un máximo de 2 puntos, dacordo coa seguinte escala:

- a) Por cada curso de ata 30 horas: 0,20 puntos
- b) Por cada curso de 31 a 100 horas lectivas: 0,30 puntos
- c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas: 0,50 puntos.
- e) Por cada curso de máis de 201 horas lectivas: 0,75 puntos.

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas.





## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



**9.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA**  
(entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

- Unidade familiar de 4 ou máis membros ..... 1 pto.
- Monoparental con fillo/s ..... 1 pto.

### 10.- OUTROS

- Por estar en posesión do Carné de Conducir tipo C / C1... 2 ptos.
- Por acreditar experiencia como Oficial de Albanelería  
0,50 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 2 puntos.
- Por acreditar experiencia como Oficial de Carpintería  
0,50 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 2 puntos.
- Por acreditar experiencia como Oficial de Xardinería  
0,50 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 2 puntos.

### PROBA PRÁCTICA

Consistirá na realización dunha proba práctica exposta polo tribunal cualificador.

Esta proba valorarase cunha puntuación máxima de **5 puntos**.

### PROBA TEÓRICA

Consistirá na realización dun exame de 10 preguntas tipo test con tres posibles respostas das cales só unha é válida.

Esta proba valorarase a razón de 0,5 puntos por cada resposta correcta, podendo obter unha puntuación máxima de **5 puntos**.

### FASE DE ENTREVISTA

A entrevista persoal, versará sobre o recoñecemento das aptitudes ou habilidades persoais para o desempeño do posto de traballo. Realizarase no lugar e data sinalada na convocatoria, e a súa realización terá lugar por chamamento por orde alfabético de nome e apelido dos aspirantes.

Esta entrevista valorarase cunha puntuación máxima de **5 puntos**.





## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



### SÉTIMA.—PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal levantará acta coa relación da puntuación obtida por cada aspirante, dando conta da mesma á Alcaldía, que declarará seleccionadas a un total de persoas que nunca superará o total de postos ofertados, publicándose dita puntuación e resultado de selección no taboleiro de anuncios do Concello.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso-oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados. En caso de empate na fase de baremo de méritos, o desempate realizarase con base na maior experiencia acreditada en funcións relacionadas co posto a desenvolver. De persistir o empate, valorarase a formación relacionada co posto a desenvolver.

O Tribunal aprobará e propondrá para a contratación aos candidatos que máis puntuación obtivesen do máximo posible, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de postos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o/a seleccionado/a non asine o contrato no prazo que se lle sinale ou ben renuncie ao posto.

Confeccionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación

### OITAVA.—FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABAJO

Rematado o proceso selectivo as persoas que acaden as dúas maiores puntuacións serán proposta polo tribunal para a formalización da relación laboral co Concello.


Os/As aspirantes propostos/-as presentarán na Secretaría do Concello, o día hábil seguinte ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- a) Copia do DNI.
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria.
- c) Certificado do número de conta bancaria.

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación ou renunciase á mesma, poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral.

### NOVENA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Presidente da Corporación, fará o nomeamento e formalizará o contrato a favor das persoas propostas polo Tribunal con data límite do 15 de Novembro do 2016.







## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



### DÉCIMA.—NORMA FINAL.

O Tribunal queda facultado para interpretar e aplicar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

O tribunal ten que aplicar o Artigo 10 na súa letra d) da ORDE do 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016 que di:

“Asignado el número final de contrataciones, las entidades locales beneficiarias realizarán las contrataciones de tal forma que por lo menos la mitad de las que realice cada ayuntamiento sean mujeres y personas menores de 30 años, salvo que la oficina del Servicio Público de Empleo de Galicia justifique que no existen personas candidatas de tales colectivos en número suficiente para atender la oferta”.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, en concordancia coa Lei de Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### UNDÉCIMA. IMPUGNACIÓN

As presentes bases e a súa convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contra a convocatoria e as Bases, previo á vía xurisdiccional contencioso-administrativa, que se poderá interpoñer no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Taboleiro de edictos do Concello.

